

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN

SCORE

O espazo entre imaxe e son

11 xullo 2014 – 11 xaneiro 2015



Datas	11 xullo 2014 – 11 xaneiro 2015
Lugar	Salas de exposición da planta baixa
Horario	Martes a sábados (festivos incluídos) de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 Domingos, de 11.00 a 14.30 Pechado os luns
Comisarias	Sarra Brill e Anna Cestelli Guidi
Produción	MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

ARTISTAS E OBRAS EN EXPOSICIÓN

SCORE é unha mostra de produción propia que aborda a relación entre imaxe e son. Dende o cinema experimental a obras conceptuais baseadas no cinema narrativo, e traballos que prestan especial atención á gramática do son e da imaxe en movemento, esta mostra reúne un conxunto de obras de 18 artistas de distintas xeracións, dende os anos setenta ata a actualidade.

Meris Angioletti (Bérgamo, Italia, 1977; vive e traballa en París e Milán)

Martin Arnold (Viena, Austria, 1959; vive e traballa en Viena)

Eugènia Balcells & Eugeni Bonet (Barcelona, 1943; vive e traballa en Nova York e Barcelona / Barcelona, 1954; vive e traballa en Barcelona)

Guy Ben Ner (Ramat Gan, Israel, 1969; vive e traballa en Tel Aviv)

Manon de Boer (Kodaicanal, India, 1966. Artista neerlandesa, vive e traballa en Bruxelas)

Tony Conrad (New Hampshire, Estados Unidos, 1940; vive e traballa en Nova York)

Keren Cytter (Tel Aviv, Israel, 1977; vive e traballa en Nova York)

Anna Franceschini (Pavía, Italia, 1979; vive e traballa en Roma)

Douglas Gordon (Glasgow, Reino Unido, 1966; vive e traballa en Berlín e Glasgow)

Ragnar Kjartansson (Reykjavík, Islandia, 1976; vive e traballa en Reykjavík)

Annika Larsson (Estocolmo, Suecia, 1972; vive e traballa en Berlín)

Christian Marclay (San Rafael, California, EUA, 1955; vive e traballa en Nova York e Londres)

Dóra Maurer (Budapest, Hungría, 1937; vive e traballa en Budapest)

Jacopo Miliani (Florenza, Italia, 1979; vive e traballa en Milán)

Lis Rhodes (Londres, Reino Unido, 1942; vive e traballa en Londres)

Manuel Saiz (Logroño, 1961; vive e traballa en Berlín)

Diego Santomé (Vigo, 1966; vive e traballa en Nigrán, Pontevedra)

ZimmerFrei (colectivo de artistas fundado en Bolonia, Italia, en 2000. Con sede en Bolonia e en Bruxelas)

[Massimo Carozzi (1967, Massa, Italia), Anna de Manincor (1972, Trento, Italia), Anna Rispoli (1974, Bassano del Grappa, Italia)]

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

SCORE é un proxecto expositivo que xoga con diferentes significados do termo *score* como medio para navegar a través dunha serie de obras de cinema, vídeo, e instalacións. Esta mostra pretende dirixir a fascinación polo son e a arte sonora cara ao contexto da imaxe en movemento. Tomar o termo *score* como marco físico, conceptual e estrutural, axúdanos a observar os fins aparentemente dispares da produción artística no cinema e no vídeo, e o xeito en que estas obras abordan a relación entre imaxe e son.

A relación entre artes visuais e narración, que inspirou e caracterizou en gran medida as obras de cinema e vídeo das dúas últimas décadas, deu paso a un interese pola cuarta dimensión: o tempo. Este desprazamento pode axudar a explicar un papel máis ambiguo do son como expresión temporal nas artes visuais, unha maior atención ao concepto de *score* na imaxe contemporánea en movemento, e un renovado interese polos traballos históricos.

Os múltiples significados da palabra —*score* como corte ou rabuño, como banda sonora, e como partitura musical— permiten xustapoñer diversas prácticas artísticas que, dentro do extenso ámbito do cinema, se centran nas relacións entre imaxe e son. O xesto de cortar ou rabuñar está presente nunha morea de formas do cinema experimental —onde o celuloide é manipulado fisicamente— así como no esencial proceso de montaxe, mentres que a idea de *score* como partitura musical nos pon en relación coa nosa experiencia do cinema e a nosa comprensión da banda sonora: diálogo, son e música.

Fronte ao hábito de considerar imaxe e son como un todo orgánico, as obras presentes nesta exposición poden ser observadas en relación co que Michel Chion denomina “contrato audiovisual”, no que ambas as dúas percepcións —visual e auditiva— están en constante negociación. SCORE presenta un conxunto de instalacións, películas e vídeos que xiran en torno ás distintas acepcións deste termo, dende o cinema máis experimental a obras conceptuais baseadas no cinema narrativo, e traballos que prestan especial atención á gramática do son e da imaxe en movemento.

TEXTO CURATORIAL

Score

Entre a imaxe e o son

Esta exposición —que non pretende ser enciclopédica, histórica, nin tampouco o correlato visual dunha formulación teórica— constrúese en torno a diversas obras que dialogan sobre prácticas artísticas relacionadas co son e a imaxe en movemento. Trátase dunha composición de límites difusos, de fraseos e variacións, un ámbito libre e interdisciplinar no que son e imaxe se atopan e na que artistas, cineastas e músicos de disciplinas totalmente diferentes producen obras cuxos ecos, tons e notas resoan internamente, e tamén entre si. O título da mostra, SCORE, saca partido das diversas acepcións deste termo como medio para articular diversas prácticas artísticas, e redirixir a fascinación actual polo son cara á relación entre imaxe e son. A palabra *score* denota tamén o modo en que as obras se distribúen e relacionan entre si. SCORE convértese na idea que compón a exposición, así como no mecanismo lingüístico que describe o seu propio contido.

Somos cada vez máis conscientes da relación entre compoñentes visuais e sonoros nas obras de imaxes en movemento. Exposicións e publicacións recentes puxeron de relevo o uso do son no contexto das artes visuais. Á hora de articular a ontoloxía da arte sonora, normalmente buscamos paralelismos, volvendo a mirada cara a outras formas de arte. Son e imaxe en movemento teñen similitudes estruturais, e a máis importante é que ambos os dous medios están baseados no tempo, nunha dimensión temporal. As prácticas relacionadas co son e a imaxe en movemento dominaron a produción cultural do século XX, como fonte inesgotable de cinema, música e outros medios de cultura de masas, e os seus equivalentes vangardistas, *fringe* e *underground*. Ademais, hoxe en día a omnipresencia de dispositivos móbiles e redes dixitais trouxo consigo un fluxo constante destes medios, que inundan a nosa vida cotiá.

O campo do filme experimental, e o máis amplo do cinema experimental, precursor da videoarte e da denominación global máis recente de imaxe en movemento, están cheos de exemplos de como utilizar a propia cinta da película como instrumento en si mesma. Isto reflíctese nun grande abano formal, que vai dende o resgado do celuloide ata a aplicación poética de procesos pictóricos sobre a película, pasando polo cinema estruturalista, entre moitos outros. Estes antecedentes artísticos traen a colación outro significado da palabra *score* — como “rabuño”, “corte” ou “incisión” — para referirnos a obras que xorden deste canon.

NOTA DE PRENSA

Tony Conrad, cineasta, artista, compositor, músico e performer, realizou a instalación *Yellow TV's* (1973) para crear películas e formas fílmicas de duración indefinida, indo máis alá dos seus experimentos anteriores no cinema estruturalista. Conrad crea un espazo meditativo mediante a presenza dun son eléctrico continuo producido pola amplificación da mesma fonte lumínica que mantén en funcionamento os paneis de “televisión”, consistentes en pinturas sensibles á luz. Este uso do material pictórico en *Yellow TV's* pódese observar tamén na obra experimental de **Lis Rhodes** —o filme de 16 mm *Dresden Dynamo* (1974)— e na instalación de Meris Angioletti *Le Songe Vert. Variation 2* (2014). Ambas as dúas traballan manipulando o celuloide. A colorida abstracción de raias, puntos e rombos de cor vermella e azul que bailan pola pantalla está copiada sobre a banda sonora óptica do filme, creando un xogo entre son e imaxe que ten a súa tradución literal na frase “o que ves é o que oes” (e viceversa). **Meris Angioletti** manipula as propias diapositivas, mesturando xelatinas de cores para crear unha multiproxección, unha orquestración de abstraccións, cor e luz.

Outras tendencias do cinema experimental, como *found footage* (metraxa atopada), samplings e técnicas de reapropiación, son similares ás da videoarte, o que tamén axuda a situar parte das obras presentes na exposición. O material procede de vinilos antigos, películas de Hollywood, animacións, obras de arte cinematográficas e películas de culto. Na súa obra máis recente en vídeo, **Martin Arnold** aprópiase de debuxos animados norteamericanos, eliminando todo rastro de imaxe que permita unha continuidade narrativa, e utiliza os seus movementos abstractos e formas desencaixadas como notas nun teclado ou elementos de percusión nunha batería. Os fotogramas do vídeo de Arnold convértense así nunha paleta visual e sónica de ruídos e sons rítmicos e harmoniosos. A hipnótica obra de **Christian Marclay** —titulada ironicamente *Looking for Love* (“Buscando o amor”) 2008— consiste nunha gravación de media hora na que o artista, movendo erráticamente a agulla dun tocadiscos, busca literalmente a palabra “amor” en vellos vinilos dos anos cincuenta e sesenta. Neste caso, os sucos do disco teñen unha analoxía directa coa palabra *score*. Pola súa parte, en *Soundtrack* (2012), **Guy Ben Ner** utiliza como readymade un fragmento de once minutos do audio de *A guerra dos mundos* (2005), de Steven Spielberg, e dobra a banda sonora con imaxes que reinterpretan a acción, nunha gravación do artista cos seus fillos na súa propia cociña. No filme experimental *133* (1979), **Eugènia Balcells e Eugeni Bonet** vinculan clips de *found footage* cunha gravación sonora en vinilo que acharon casualmente, reconectando deste modo imaxe e son.

A impactante instalación de **Douglas Gordon**, *Feature Film* (1999), utiliza o filme *Vértigo*, obra mestra de Alfred Hitchcock, como punto de partida para a súa propia película. Gordon pon en escena a banda sonora orixinal de Bernard Hermann, pero mostrando só ao director de orquestra. Inverte así a diexénere ou desenvolvemento narrativo, de modo que banda sonora e película se fusionan nunha única entidade. **Jacopo Miliani** crea unha experiencia integramente auditiva ao apropiarse da banda sonora de *Profondo*

NOTA DE PRENSA

Rosso (Vermello escuro), o icónico filme de terror de Dario Argento, presentándoa como un experimento de *cinéma pour l'oreille* para analizar o potencial do audio sobre a imaxe.

Boa parte das obras na exposición resístense a unha definición categórica, e xiran en torno ao concepto de *score* a través de tendencias poéticas, técnicas, ou procesos de investigación. O filme estruturalista *Kalah* (1980), de **Dóra Maurer**, realizado en colaboración co músico Zoltán Jeney, está construído como un contrapunto de formas abstractas e música. Na obra *Presto, Perfect Sound* (2006), **Manon De Boer** corta a imaxe dunha gravación dunha sonata de Bartók para violín e adáptaa ao son preeditado, xogando a inverter o tradicional dominio da imaxe sobre o son no cinema. Na instalación titulada *God* (2007), de **Ragnar Kjartansson**, o imperfecto “bucle humano” da voz difire da perfección lineal do dispositivo de gravación. Dentro das salas, as imaxes dos intérpretes de ambas as dúas obras resoan entre si, e co director de orquestra no filme de Gordon, como unha espectral orquestra de músicos que nunca coinciden no tempo.

A dobre instalación de **Annika Larsson**, composta por *Animal (in 14 Movements)*, e *A Score for Animal* (2012), leva o diálogo de *Score* máis alá da imaxe proxectada. Larsson engade as súas propias achegas musicais a un enigmático retrato fílmico de persoas disfrazadas de animais antropomórficos, e crea unha abstracta banda sonora de imaxes e textos como potencial banda sonora do filme. En *Rose Garden* (2014), **Keren Cytter** xoga coas posibilidades acústicas da estrutura narrativa como vía para converter o diálogo en notas, acordes e complexos arranxos de xogos de palabras multifónicos, con resultados desorientadores.

As obras poéticas, escultóricas e reflexivas de Anna Franceschini, ZimmerFrei e Diego Santomé ofrecen unha reflexión acerca do son mecánico dos dispositivos de proxección. En *Nothing Is More Mysterious. A Fact That Is Well Explained*, de **Anna Franceschini**, o movemento circular da cámara ten unha musicalidade propia que nos remite ás gravacións de Marclay, e o *scroll* vertical do papel perforado da pianola recorda a unha cinta de película incorpórea no espazo. Pola contra, os visores en 3D de **ZimmerFrei** conxelan a imaxe en movemento e estenden o espazo temporal a través da composición sonora. En *Cinematógrafo (7 metros 30 centímetros)*, de **Diego Santomé**, a imaxe proxectada é a do propio proxector, e o son é tan só o suave tic da maquinaria, o que nos leva de novo á afirmación de Lis Rhodes sobre o seu propio traballo: “o que ves é o que oes”.

En *Specialized Technicians Required: Being Luis Porcar* (2005), **Manuel Saiz** aborda de forma paradoxal as dimensións do cinema e a arte contemporánea, nunha obra na que imaxe e son sincronizado nunca se atopan, devolvendo así o protagonismo a un dos temas centrais de **SCORE**.

A través das súas afinidades e diverxencias, as obras resoan entre si e constrúen unha xeometría inesperada de relacións que estrutura a propia exposición como unha partitura, na que o ritmo e os tons de imaxe e son sacan á luz todo o potencial da arquitectura panóptica do MARCO.

Sarra Brill e Anna Cestelli Guidi, comisarias da exposición

SOBRE AS COMISARIAS

Sarra Brill é unha cineasta e comisaria de cinema estadounidense afincada en Roma dende o ano 2003. O seu traballo comprende instalacións de cinema e vídeo e a mediación do vídeo nos eventos artísticos en directo. Tanto a súa práctica artística como a súa traxectoria curatorial céntranse no modo no que as convencións do cinema e a súa cultura se descodifican no contexto da arte contemporánea. As súas investigacións afondan nas disparidades e as similitudes entre o cinema e o vídeo de galería con respecto ao cinema experimental. En 2005, cofundou "Open Video Projects", unha ecléctica colección de películas e vídeos de artista, e segue comisariando programas de vídeo para espazos de arte contemporáneo por Italia e Europa. Na actualidade traballa nun documental de longa duración sobre o artista Poul Gernes.

Anna Cestelli Guidi formouse como historiadora da arte en Roma e Berlín, e especializouse na transformación da teoría, a práctica expositiva e as estruturas museolóxicas das décadas de 1960 e 1970. En 1997 publicou un traballo sobre documenta, *La documenta di Kassel. Percorsi dell'arte contemporanea*, que segue sendo o único traballo de investigación histórica sobre a exposición escrito en italiano. Traballou en varias institucións españolas, entre as que destacan o CGAC de Santiago de Compostela, o MACBA e a Fundació Metrònom de Barcelona. Dende 2005 é directora do programa de artes visuais na Fondazione Musica per Roma, Auditorium de Roma. Creou o proxecto "Fluxus Biennial" (2010-2011) e comisariou as series de performances e concertos que acompañaban o ciclo de exposicións. Ademais das numerosas exposicións que ten comisariado no Auditorium, puxo en marcha o proxecto *Sound Corner*, que se leva a cabo unha vez ao mes, así como o programa de exposicións *One Space/One Sound*, de periodicidade anual.

ACTIVIDADES PARALELAS

EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA E DIXITAL

'SCORE. O espazo entre imaxe e son'

Selección de catálogos individuais e colectivos sobre os artistas presentes na mostra e outras publicacións relacionadas sobre arte, imaxe e son. Complementábase con documentación dixital sobre a presenza dos artistas participantes en web, con selección de artigos, vídeos e outros materiais de interese.

- Datat: do 11 de xullo de 2014 ao 11 de xaneiro de 2015
- Lugar: Biblioteca-Centro de documentación (1º andar)

INFORMACIÓN E VISITAS

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

Se desexa recibir máis información, diríxase a:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)
R/ Príncipe nº 54 - 36202 Vigo
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00
Fax. +34 986 11 39 01
Email: marta.viana@marcovigo.com pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com
www.facebook.com/marco.vigo